



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía número 113 de 8 de xullo de 2021, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal a media xornada, durante 6 meses, de **8 peóns de obras públicas**, Plan Anticovid. Fomento de Emprego con fondos propios do concello.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Baralla, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fóra do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax ao concello (982363221) ou ao correo electrónico: concellobaralla@concellobaralla.es, comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación da solicitude.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria.

Procedemento de selección: a realización dunha proba teórica tipo test e valoración de méritos, segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na web do concello na seguinte dirección www.concellobaralla.es.

Baralla, 8 de xullo de 2021.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2093

FRIOL

Anuncio

Á vista do acordo do Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de marzo do actual e do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada con data 5 de xullo do actual, sometese a información pública por un prazo de vinte días hábiles o proxecto das obras de MELLORA DO SANEAMENTO NA PARROQUIA DE ROIMIL, redactado polo Enxeñero Sr. Cacicedo Herrero de Senén Prieto Enxeñería S.L.

Friol, 7 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 2094

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I. XULLO 2021

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de xullo de 2021 por importe de seiscientos sesenta e oito euros con noventa e oito céntimos (668,98).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada ei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses desde a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 1 de xullo de 2021.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2095

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA XUÑO 2021.

Por Xunta de Goberno Local do día 28.06.2021 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de xuño de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 16.07.2021 ata o 16.09.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 6 de xullo de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2096

Anuncio

APROBACION PADRÓNS FISCAIS

IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBLES DE NATUREZA RÚSTICA

IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS

2021 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 5.07.2021 aprobáronse os padróns fiscais do imposto sobre bens inmóbiles de natureza rústica e de características especiais do exercicio 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 5.08.2021 ata o 06.10.2021.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, pónse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 7 de xullo de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2097

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumplimiento del artículo 169.1, por remisión del 177.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, al no haberse presentado alegaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el Acuerdo plenario de fecha 24 de mayo de 2021, sobre el expediente de modificación de créditos del Presupuesto en vigor, en la modalidad de suplemento de crédito, que se hace público con el siguiente contenido:

Altas en aplicaciones de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descripción	Suplemento de Crédito
1533	61902	Humanización Rúa Cotarelo	29.040,00
454	61900	Mellora de camiños municipais (AGADER 2021- 2022)	2.000,00
454.	61901	Mellora e rehabilitación camiños municipais	13.000,00
		TOTAL	44.040,00

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do ejercicio anterior, nos seguintes termos:

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc		
8	70	00	Remanente líquido de tesourería	44.040,00
			TOTAL INGRESOS	44.040,00

Altas en conceptos de ingresos

Contra el presente Acuerdo, en virtud de lo dispuesto en el art 171 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, los interesados podrán interponer directamente recurso contencioso-administrativo en la forma y plazos establecidos en los artículos 25 a 42 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de dicha Jurisdicción.

Sin perjuicio de ello, a tenor de lo establecido en el artículo 171.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, la interposición de dicho recurso no suspenderá por sí sola la efectividad del acto o Acuerdo impugnado.

Trabada, 7 de julio de 2021.-A Alcadesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2098

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente: A/27/28991**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: José Antonio Fernández Álvarez

Nombre del río o corriente: manantial

Caudal solicitado: 0,137 l/s

Punto de emplazamiento: Riosubil, San martín de Neira de Rei (San Pedro)

Término Municipal y Provincia: Baralla (Lugo)

Destino: domésticos y ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un manantial mediante dos zanjas drenantes que conducen las aguas a una arqueta desde la que se conducen a dos depósitos para posteriormente ser distribuidas a las zonas a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Baralla, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 8 de abril de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2099